

## DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2021/G005/000049.

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **ORDINARIA** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **xoves, día 9 de decembro de 2021, ás 10:00**, de acordo coa seguinte **ORDE DO DÍA** confeccionada para o efecto:

### ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

#### LICENZAS URBANÍSTICAS

1. TOMA RAZÓN DA SENTENZA FIRME Nº 174/2021 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE LUGO, NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 158/2020, EN RELACIÓN COA LICENZA URBANÍSTICA PARA REESTRUCTURACIÓN DE EDIFICIO NA RÚA DA RAIÑA, NUMERO 10.- (Expte: 323/2017) (2021/G004/000970).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN EN PLANTA BAIXA E ALTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR, NO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL DE PORTIÑO-GALEGOS DE ARRIBA, PARROQUIA DE CASTELO-SANTIAGO DE AFORA (Expte: 2020/Y001/000319).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA POR FORXADO UNIDIRECCIONAL PARA EXECUCIÓN DE TERRAZA, NA RÚA TRES MARÍAS, NUMERO 8. (Expte: 2021/Y001/0000241)
4. LICENZA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS NO ATRIO DA CATEDRAL, PRAZA SANTA MARÍA (Expte: 2021/Y001/000045).
5. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DAS MODIFICACIÓNS REALIZADAS, EN EXECUCIÓN DAS OBRAS CON LICENZA OUTORGADA Nº 705/16, NA RÚA BOLAÑO RIVADENEIRA, NÚMEROS 12-14, (Expte: 2020/Y001/000237).

#### PLANEAMENTO

## **ACTAS E GOBERNO**

JDR/jch

Refª: ispac816136430747606772.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-12-2021

6. SOLICITUDE INTERESANDO A REVISIÓN DE OFICIO DOS ACTOS DE EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO E URBANIZACIÓN APROBADOS POR ESTE CONCELLO NO SEO DA UNIDADE DE ACTUACIÓN NORTE-16 (URPI-20 DO PXOM VIXENTE).

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

#### **CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

7. CONTRATACIÓN -MEDIANTE SEIS LOTES- DUN SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL DE LUGO. EXPTE REF 2021-C003-000034. ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1, 2 E 4. DECLARACIÓN DE DESERTO DOS LOTES 3, 5 E 6.

8. SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO CONTRATO DE "SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓNS DAS INSTALACIÓNS, INFRAESTRUCTURAS E CONSTRUCCIÓNS RURAIS SINGULARES E PATRIMONIAIS NO ÁMBITO RURAL DO CONCELLO DE LUGO". EXP. REF. 2020-C003-000053. PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 2/12/2021 ATA O 1/12/2022.

#### **PERSOAL**

9. NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR AS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO C; SUBGRUPO C1; ESCALA, BÁSICA; CATEGORÍA, POLICÍA.

10. PROPOSTA RESOLUCIÓN RECURSO INTERPOSTO FRONTE AO DECRETO 3520/2021 PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO.

### **ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL**

#### **MULLER E IGUALDADE**

11. PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO FRONTE AO DECRETO 6649/2021 DE DATA 5 DE AGOSTO DE

2021, POLO QUE SE RESOLVE DEIXAR SEN EFECTO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DE CONCORRENCIA (CONVOCATORIA 2020), POR NON PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA NOS PRAZOS ESTABLECIDOS.

### ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

#### CULTURA

12. PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DO CONVENIO REGULADOR DE SUBVENCIÓN DE CARÁCTER NOMINATIVO A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), POR IMPORTE DE 20.000 € PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE: "LUGO CULTURAL".

#### ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao Vicesecretario, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

*Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,*